

*Pódese e débense seguir mellorando os desequilibrios do mercado laboral*

## O ÉXITO DA REFORMA LABORAL É INCUESTIONABLE PERO É NECESARIO ABORDAR O DESEMPREGO DE LONGA DURACIÓN, OS BAIXOS SALARIOS OU A REFORMA DO DESPEDIMENTO

**Redacción.-** Os datos de afiliación á Seguridade Social e de paro rexistrado de maio, publicados este martes, mostran un crecemento do volume de emprego, con forte predominio da modalidade indefinida grazas á reforma laboral. Así, conséntase un incremento do número de afiliados á Seguridade Social e unha baixada do desemprego, mentres que a temporalidade segue en mínimos históricos.

O mes de maio adoita ser o mellor para o emprego de cada ano. Nesta ocasión, o aumento mensual de afiliación cífrase en 7.372 persoas, co que o total de persoas ocupadas afiliadas á Seguridade Social sitúase en 1.094.806, o segundo maior máximo da serie histórica. Se o comparamos con maio de 2024, hai 17.514 persoas máis afiliadas, un +1,63%, polo que o ritmo de creación de emprego mantense relativamente estable, a pesar da incerteza xerada polos conflitos coa agresión a Ucraína, o masacre sobre o pobo palestino en Gaza ou a guerra de aranceis que, de forma tan caótica, impulsa a Administración Trump.

O paro rexistrado reduciuse en 3.904 persoas con respecto ao mes anterior, alcanzando un total de 111.641, sendo o dato máis baixo da serie histórica. Ademais, con respecto ao mesmo mes do ano anterior, o paro reduciuse en 10.395 persoas.

Pola súa banda, a taxa de temporalidade da afiliación continúa recortándose, alcanzando o 14,17%, 13,65 puntos menos que a rexistrada en 2021. Así, o éxito da reforma laboral é incuestionable: a nova normativa laboral está a conseguir corrixir un dos principais problemas estruturais do noso mercado de traballo, impulsando unha maior estabilidade laboral e persoal entre a clase traballadora.

No que respecta á contratación, maio rexistrou un volume de 62.121 contratos, e deles 18.756 son indefinidos, o que implica que o 30,19% da contratación é indefinida. Antes da reforma este valor roldaba o 10%.



Así, cabe valorar positivamente os datos de creación de emprego, que reforzan a tendencia positiva do noso mercado laboral mesmo nun contexto económico mundial marcado por unha elevada incerteza. Con todo, para UGT-Galicia, é esencial seguir avanzando para corrixir algúns desequilibrios estruturais e dotar de maior estabilidade e calidade de vida ás persoas traballadoras.

### A redución da xornada laboral terá beneficios sobre as persoas e sobre a economía

En primeiro lugar, non hai que esquecer que existe un volume significativo de persoas en situación de desemprego de longa duración, un status que lles condena a contextos de extrema vulnerabilidade. Por iso, é vital afrontar unha reforma profunda das políticas activas de emprego, garantindo procesos de orientación e formación máis personalizados e eficaces. Así, debemos lograr que as etapas expansivas da economía —como a que atravesamos— tamén redunden no beneficio dos colectivos de traballadores e traballadoras con maiores dificultades de empregabilidade.

Para seguir gañando en dereitos e cumprir coa Carta Social Europea, resulta urgente abordar tamén a reforma do custo de

despedimento ilegal ou improcedente, que debe ser xusto e disuasorio. Así, o sindicato instou oficialmente ao Comité Europeo de Dereitos Sociais do Consello de Europa a que requira ao Estado español o cumprimento efectivo da decisión ditada o pasado 20 de marzo de 2024, que outorgaba a razón ao noso sindicato concluíndo que a lexislación española sobre o despedimento improcedente non se axusta ao artigo 24 da Carta Social Europea Revisada.

O Comité estableceu que, para que un país cumpra co devandito artigo, debe prever:

- o reembolso das perdas económicas entre o despedimento e a resolución do tribunal de apelación (é dicir, salarios de tramitación),
- a posibilidade real e efectiva de readmisión, sen que dependa exclusivamente do empregador, e
- unha indemnización suficientemente disuasoria e reparadora do dano causado polo despedimento inxusto.

UGT solicitou formalmente a execución desta resolución e esixe que o Estado español cumpra cos seus compromisos internacionais e adapte a súa lexislación en consecuencia.

Por último, a xornada laboral de 37,5 horas semanais debe facerse realidade canto antes. Trátase dunha medida que expón cambios positivos na nosa economía e mercado de traballo, intensificando a creación de emprego de calidade e promovendo cambios estruturais na produtividade e competitividade das empresas.

Ademais, os cuantiosos beneficios empresariais cultivados nos últimos anos avalan dita transformación, polo que non hai ningunha razón para bloquear un avance esencial para a maioría social do noso país. Repartir a riqueza e transformar as melloras de produtividade en xornadas máis curtas debe ser unha máxima para consolidar un país máis democrático, igualitario e xusto.

### Radiografía desemprego en Galicia

Concretando os datos que se fixeron públicos este martes, en Galicia o desemprego caeu en 3.904 persoas con respecto ao mes anterior (3,38%) e no Estado esta cifra tamén baixou, un 2,30%. No ano tamén se rexistrou unha contracción do desemprego, baixando en 10.395 persoas, un 8,52% menos. Así, o número total de desempregados sitúase en 111.641 persoas, mínimo histórico en Galicia dende 1996.

Por idades, entre os menores de 25

anos, o desemprego seguiu a mesma tendencia que no resto de idades, baixou no mes nun 5,90%, e no ano a diminución foi dun 5,15%.

Por sexos, no mes o desemprego baixa en ambos, un 4,34% entre os homes e no caso das mulleres nun 2,69%. No ano baixou o desemprego tamén en ambos casos, o 9,32% entre os homes e o 7,95% entre as mulleres. Dende UGT-Galicia alértase de que, en termos estruturais, as mulleres seguen a representar o 58,71% do total do desemprego en Galicia. O paro afecta a un total de 65.542 mulleres, fronte a 46.099 homes.

En canto aos sectores, o desemprego no mes baixa en todos. Así, baixa na agricultura e gandería, nun 3,97%; na industria, nun 3,05%; nun 3,80% na construción; en servizos, nun 3,40%; e o 3,03% no colectivo de sen emprego anterior. No ano baixa en todos tamén. Así, diminúe un 13,27% no primario; o 11,92% na industria; o 14% na construción; o 7,64% no sector servizos; e o 6,01% entre o colectivo de sen emprego anterior.

Territorialmente, o desemprego tamén baixa en todas as provincias. O 2,99% na Coruña, 4,47% en Lugo, 4,03% en Ourense e un 3,30% en Pontevedra. No ano a baixada foi do 9,21% na Coruña, 6,58% en

Lugo, 6,99% en Ourense e o 8,75% en Pontevedra.

O dato de contratación indefinida segue a ser moi bo, do 30,19%. Realizáronse en abril un total de 62.121 contratos en Galicia. Antes da reforma laboral, no mes de maio de 2021, a porcentaxe de contratación indefinida non superaba o 9,60%.

Por sectores, destacan as porcentaxes de contratación indefinida na construción, do 66%, e no sector primario, do 61,1%. Tamén foron elevadas, aínda que non tanto, nos servizos, do 28,9%, e na industria, do 21,7%.

En canto á taxa de cobertura por desemprego, esta sitúase no 65,92% (74,06% no Estado), con 69.015 persoas beneficiarias. Deste total, 29.905 perciben subsidios e 1.907 a Renda Activa de Inserción. O número de prestacións contributivas foi de 37.203. Aída así, a cifra de persoas que dependen de prestacións non contributivas segue a ser elevada, o que amosa as dificultades que atravesan moitas persoas desempregadas a pesar de percibir prestacións por ser estas con contías moi baixas.

A afiliación á Seguridade Social sitúase en 1.094.806 de media mensual, crescendo o 0,68% no mes e aumentando un 1,63% no ano.

## O SECTOR DA LIMPEZA DA PROVINCIA DA CORUÑA VOLVE SAÍR Á RÚA PARA RECLAMAR CONDICIÓN LABORAIS DIGNAS

**Redacción.-** Este xoves traballadores e traballadoras do sector da limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña retomaron as mobilizacións cunha concentración diante de El Corte Inglés na cidade herculina.

Dende FeSMC Coruña denúciase que están baixo un convenio que xa finalizou a súa vixencia o día 31 de decembro de 2023 e, dende esta data, os salarios do sector están sen actualizar.

Despois de máis dun ano de negociacións, UGT propuxo o incremento do IPC de 2024 e seguir negociando o convenio, ao cal a patronal estatal Aspel négase. Lembrar que esta aglutina grandes empresas como Eulen, Clece, Acciona, FCC, Lacera, Onet ou Samsic, entre



outras, mentres a patronal provincial si acepta a proposta.

Ante esta situación, UGT, xunto coa CIG, organizaron asembleas informativas en varias cidades da provincia e as traballadoras e traballadores decidiron por unanimidade retomar as mobilizacións.

### Un sector xa moi precarizado

Dende UGT quérese chamar a atención da opinión pública no que se considera unha burla destas empresas, grandes concesionarias de concursos públicos en Galicia e con grandes beneficios. Unha burla a un sector que xa está moi precarizado.

## UGT-SP DENUNCIA A MERCANTILIZACIÓN DA EDUCACIÓN SUPERIOR E ESIXE UNHA DEFENSA FIRME DA UNIVERSIDADE PÚBLICA

*O Sindicato denuncia que as universidades privadas galegas teñen persoal en condicións precarias, nos procesos de selección non hai transparencia e carecen de vocación educativa ou científica*

**Redacción.-** UGT Servizos Públicos Ensino Galicia manifesta a súa máis profunda preocupación ante o progresivo proceso de mercantilización da educación superior, derivado do crecemento desmesurado das universidades privadas. Fenómeno que está a provocar unha excesiva proliferación de titulacións que están a competir de xeito desleal coa oferta académica das universidades públicas, poñendo así en risco a súa sostibilidade, prestixio e función social.

A Universidade privada en Galicia supón unha duplicidade innecesaria que ameaza o sistema público

UGT-SP xa o advertiu e mobilizouse activamente para impedir a implantación dunha universidade privada en Galicia, xa que o Sindicato considera que se produce así unha duplicidade innecesaria que supón unha ameaza directa para o sistema universitario público galego. Naquel momento algún dos sindicatos que hoxe alertan sobre este feito non fixeron fronte común en defensa da universidade pública galega.

UGT-SP denuncia que a día de

hoxe, tal e como están configuradas as universidades privadas galegas, non están a operar cos criterios de calidade que se lle presupoñen a unha institución destas características. O persoal docente traballa en condicións precarias e, nalgúns casos, sen a formación suficiente. Os procesos de selección carecen de transparencia e non se axustan aos criterios de excelencia e rigor esixidos nas universidades públicas. As universidades privadas operan orientadas ao beneficio económico de fondos de investimento e entidades financeiras, polo que non xestionan con vocación educativa ou científica.

### Regras comúns e cumprimento da LOSU

Por todo isto, UGT-SP esixe igualdade de condicións e regras comúns para todas as universidades. Isto pasa polo mesmo número de alumnos por curso; equiparación nos requisitos de acreditación de titulacións, instalacións e medios; condicións de acceso e contratación docente equivalentes ás esixidas no sistema público; emprego estable e de calidade para todo o persoal

docente e investigador; en definitiva, a Administración debe esixir ás universidades privadas o cumprimento dos requisitos establecidos na LOSU, tanto en materia de persoal, como de financiamento e transparencia no acceso.

### Financiamento axeitado para a universidade pública e eliminación dos obstáculos normativos

Isto ten que ir parello a un financiamento axeitado para a universidade pública que garanta a calidade docente e investigadora e a eliminación dos obstáculos normativos como a taxa de reposición ou os límites ao incremento da masa salarial. Porque ambos elementos limitan o crecemento e renovación do persoal académico, freando a adaptación das universidades públicas aos actuais desafíos.

Finalmente, UGT-SP insta á Xunta e Goberno central a comprometerse coa defensa, mantemento e fortalecemento da universidade pública, como pilar fundamental do dereito á educación, cohesión territorial e desenvolvemento científico e cultural.

## XARDINEIROS EN LOITA POR UN CONVENIO XUSTO

**Redacción.-** A situación na mesa negociadora do convenio de xardinería alcanzou un punto de inflexión insostible. A postura das patronais non só limitábase a un bloqueio das necesidades melloras nas condicións de traballo, senón que vai máis aló: expondo abertamente retrocesos en dereitos que xa se tiñan adquiridos.

É dicir, non só néganse a avanzar, a recoñecer a perda de poder adquisitivo e a garantir salarios dignos, senón que pretenden arrebatarnos dereitos conseguidos ao longo de anos de loita e negociación. Esta ofensiva patronal é inaceptable e demostra unha actitude de absoluta irresponsabilidade e falta de respecto cara aos traballadores. Queren precarizar aínda máis un sector que xa soporta condicións laborais a miúdo difíciles.

Esta formulación patronal, agresiva e regresiva, evidencia a necesidade urxente dunha resposta contundente por parte dos traballadores e traballadoras do sector. As ne-

gociacións esgotáronse ante a cegazón de quen só busca maximizar os seus beneficios á conta de empobrecer aos seus cadros de persoal e deteriorar a calidade do servizo que se presta. A vía do diálogo, bloqueada unilateralmente pola patronal, aboca á mobilización.

Ante esta realidade, UGT e CCOO, como organizacións sindicais que representan aos traballadores e traballadoras do sector, toman a firme decisión de elaborar un plan de acción para reverter esta situación e desbloquear a negociación. Este plan contempla unha serie de mobilizacións e accións de presión en todo o territorio nacional, co obxectivo claro de forzar ás patronais para sentar a negociar con seriedade e a alcanzar un acordo xusto e satisfactorio para todos.



A primeira destas accións, e un paso fundamental no camiño cara a un convenio digno, foi unha serie de concentracións conxuntas que están a ter lugar en todo o Estado. As primeiras foron a semana pasada e en Galicia tiveron lugar na Coruña e Pontevedra.

## A UXP DE UGT-GALICIA CELEBRA MAÑÁ EN PONTEDEUME O XII ENCONTRO DE XUBILADOS BAIXO O LEMA “QUEDA MOITO POR FACER”

**Redacción.-** A Unión de Xubilados e Pensionistas de UGT-Galicia celebra mañá, día 7, en Pontedeume o XII Encontro de xubilados, nesta edición baixo o lema “Queda moito por facer”. Precisamente, neste encontro, ao que asistirán preto de 450 xubilados e pensionistas de toda Galicia, falarase sobre servizos sociais, dependencia, pensións, como está a afectar a dixitalización aos máis maiores, o deficiente funcionamento do Consello galego das persoas maiores e po-

rase enriba da mesa a necesidade dunha Lei integral das persoas maiores.

### Intervencións

Está previsto que o acto, que se celebrará na pista polideportiva de Nogueirosa, en Pontedeume, comece ás 11.00 horas e nel intervirán o secretario xeral da UXP-Galicia, Valentín Tato; o secretario xeral de UGT-Galicia, Cristóbal Medeiros; a

secretaría executiva de UGT Cristina Estévez; unha representación da UXP estatal, María Luísa Álvarez; e o alcalde de Pontedeume, Bernardino Fernández. Ademais, asistirán numerosos invitados institucionais e membros das comisións executivas das unións comarcais de UGT e das federacións en Galicia.

Tras o acto sindical, está previsto un xantar e unha visita a varios dos enclaves naturais e culturais da vila.

## CONDUTORES DO BUS METROPOLITANO DA CORUÑA SOLICITAN BAÑOS PÚBLICOS NAS CABECEIRAS DE LIÑA

**Redacción.-** Desde o Comité de Empresa de COMPOSTELÁ S.A (Grupo ALSA), denuncian o abandono que están a sufrir os traballadores/as por parte dos concellos da Coruña e os da súa Área metropolitana.

Cabe destacar que os condutores/as que prestan servizo á área metropolitana só dispoñen dos baños da estación de autobuses e non se lles está realizando o mantemento ade-

cuado, polo tanto, solicítase que os baños que están situados na plataforma sexan reparados e de uso exclusivo para condutores/as porque dispoñen dun tempo limitado (minutos) dado que se atopan realizando o roteiro e non poden esperar a que queden libres.

Así mesmo, solicítaselle formalmente a cada Concello a instalación de baños públicos nas cabeceiras das liñas, unha necesidade básica que se

volve aínda máis urxente co crecente número de mulleres condutoras no sector. Ata a data, non se recibiu resposta algunha por parte das administracións.

Por exemplo, municipios como Sada dispoñen dunhas instalacións que perfectamente poderían ser utilizadas polos compañeiros/as pero as condicións de insalubridade nas que se atopan demostran unha falta total de interese polo consistorio.

## SEN ACORDO NA NEGOCIACIÓN NO SIMA DO CONVENIO ESTATAL DE PRODUCTOS ELABORADOS DO MAR

**A patronal segue bloqueando a posibilidade de avanzar nas negociacións pola súa oposición á redución de xornada a 37,5 horas en trámite parlamentario**

**Redacción.-** A Comisión Negociadora do Convenio Colectivo Estatal de Produtos Elaborados do Mar reuniuse esta semana na sede do SIMA a petición de UGT FICA e CCOO co obxectivo de tentar desbloquear as negociacións tras a decisión unilateral da patronal Conxemar de suspendelas tomando como escusa a suposta intromisión do Goberno na negociación colectiva ao aprobar a redución de xornada de trinta sete horas e media de media semanal. Alega que esta medida, de aprobarse polo Parlamento, tería un impacto moi negativo nos custos das empresas.

Durante a mediación, UGT FICA e CCOO propuxemos renovar o diálogo e a negociación coa patronal, fixando para iso un calendario con, polo menos, unha reunión ao mes

ata que alcanzar un acordo.

Con todo, a pesar de ser unha proposta prudente, a patronal rexeitou, comprometéndose tan só a fixar un día para manter unha reunión.

Desde ambos os sindicatos insistimos e insistiremos en que as persoas traballadoras merecense e teñen dereito a que haxa unha mesa onde se negocien as súas condicións laborais e, para iso, é necesario acordar un calendario de reunións.



Neste contexto, UGT FICA e CCOO advirten que, de non renovarse a negociación e fixar un calendario de reunións, adoptarán conxuntamente as medidas de presión que estimen oportunas.

# UGT CELEBRA AS XORNADAS ‘MEDIDAS DE RESPONSA E ADAPTACIÓN ANTE A EMERXENCIA CLIMÁTICA’

*Coincidindo co Día Mundial do Medioambiente*

**Redacción.-** A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT) celebrou este mércores e xoves, 4 e 5 de xuño, as xornadas de UGT en Verde sobre ‘Medidas de resposta e adaptación ante a emerxencia climática’. Na xornada inaugural interviñeron a vicesecretaría xeral de UGT, Lola Navarro; a secretaria xeral de UGT Madrid, Susana Huertas; e a vicepresidenta segunda e ministra de Traballo e Economía Social, Yolanda Díaz.

Navarro incidiu na súa intervención en que “estamos nun momento crucial” porque as cifras sobre o quecemento global son alarmantes. “Pero máis aló dos datos, falamos de consecuencias que afectan as nosas vidas e aos nosos empregos”, salientou, sen esquecer o resto de crises que golpean á sociedade no momento actual, “que vulneran os dereitos humanos e xeran retrocesos en materia de dereitos sociais”: “Todas elas están conectadas, necesitamos unha visión integral que conecte todas estas circunstancias para atopar solucións”, explicou.

Doutra banda, Navarro avogou por impulsar a negociación colectiva na transición verde: “se queremos repensar como producimos, como consumimos ou como se organizan as nosas cidades, tamén ne-

cesitamos repensar como se organizan e garántense os dereitos no traballo. Por iso, impulsar a negociación colectiva é fundamental”, resolveu.

Pola súa banda, Huertas sinalou que estas xornadas serven para “reafirmar a nosa loita e o noso compromiso por un futuro máis xusto e sostible”. Neste sentido, sinalou que “os desafíos son enormes e o contexto esíxenos claridade e determinación”. Así, enumerou algúns dos retos pendentes: “o negacionismo climático avanza con forza, con bulos e discursos que tentan confundir á sociedade traballadora”, remarcou. Por iso, ao seu xuízo, “o futuro do sindicalismo pasa pola acción climática e asumila con determinación é a nosa responsabilidade”.

Na súa quenda de palabra, Díaz fixo



A delegación de UGT-Galicia nas xornadas

fincapé en que “con estas xornadas, UGT volve dar un paso adiante e colócase na centralidade dos retos desta época”. A ministra incidiu en que “a descarbonización da economía e as políticas públicas que van ligadas aos cambios climáticos son imprescindibles”. Na súa opinión, “hai que facer estes cambios coa xente traballadora dentro. Non podemos facer unha transición climática desde arriba na que deixamos á xente traballadora fóra”, explicou.

## UGT RECLAMA MANTER MEDIDAS EFECTIVAS PARA GARANTIR A REDUCCIÓN DE BRECHA DE XÉNERO NAS PENSÍONS

**Redacción.-** O Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TJUE) declarou que o complemento de pensións contributivas para a redución da brecha de xénero non se axusta á Directiva 79/7 do Consello, do 19 de decembro de 1978, relativa á aplicación progresiva do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres en materia de seguridade social (Directiva 79/7/CEE), xa que a Directiva en cuestión aprobada hai máis de 30 anos non prevé medidas de acción positiva como o complemento de brecha de xénero.

Na súa sentenza do 15 de maio de 2025, asuntos C623/23 e C626/23, conclúe que, a pesar da reforma levada a cabo, o complemento de brecha de xénero das pensións en España segue sendo discriminatorio e que aínda existen aspectos que favorecen ás nais en detrimento de os pais, o que é contrario á normativa europea en materia de igualdade

de trato.

Este pronunciamento conleva que os homes que accederon a pensións de xubilación, incapacidade permanente ou viuvez a partir febreiro de 2021 poden solicitar o complemento, coa derivada de que, de non modificarse a regulación vixente no sentido que reclaman as organizacións sindicais, de conformidade co actual texto do artigo 60 da Lei Xeral da Seguridade Social, o seu recoñecemento aos pais pode chegar a supoñer, nun número indeterminado aínda de casos, a supresión do que están a cobrar xa as nais polo mesmo fillo ou filla. Actualmente, o complemento de brecha de xénero protexe a 901.977 mulleres pensionistas.

Este resultado supoñería eliminar ou reducir substancialmente unha acción positiva dirixida a compensar os efectos da discriminación estrutural que sofren as mulleres no mercado laboral e na protección social.

Por iso, UGT e CCOO instamos ao Goberno a que, de maneira urxente, aborde esta cuestión para modificar o texto normativo co obxectivo de garantir que esta medida de mellora directa de pensións se manteñan e sirva para corrixir as discriminacións reais que seguen afectando a millóns de mulleres en España, de forma compatible coa doutrina do TJUE, sen diminución por tanto do obxectivo de redución de brecha de xénero.

De igual forma, UGT e CCOO chamamos a atención sobre a necesidade de que esta adaptación normativa se realice coa maior celeridade, evitando repetir a situación que no seu momento produciuse co complemento de maternidade onde a tardanza de máis dun ano en reaccionar a unha situación similar propiciou profundar nos efectos negativos sobre a redución da brecha.